Por outra banda e de forma relacionada co Plan Senda, o *Plan de expurgo e da organización dos arquivos xudiciais de Galicia*, necesita do impulso que permitan a xestión dixital dos arquivos xudiciais e dos depósitos de pezas de convicción, todo isto coa finalidade de estender gradualmente o sistema de xestión integral dos arquivos xudiciais a todos os órganos do Poder xudicial en Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

1. En qué sedes xudiciais está xa implantado o sistema electrónico de xestión de arquivos xudiciais?
2. Cal é o prazo marcado para a súa extensión á totalidade das sedes xudiciais galegas?
3. Que beneficios está proporcionando aos operadores xudiciais?

Santiago de Compostela, 14 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 18:14:54

María Ángeles García Míguez na data 14/03/2017 18:15:15

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2017 18:15:47

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 18:16:25

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 18:16:34

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 18:16:43

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/03/2017 18:16:58

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:17:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que *“As corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”*, mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario, sinala que *“este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda”*

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostíbles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-Lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobranse a amortizar débeda.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.

Grupo Parlamentario

A Administración local é a administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local no seu conxunto xa acadou o 3 % fixado para 2020, e o superávit das entidades locais achega ao cómputo total de España medio punto do PIB, cumprindo co teito de gasto e pagando en prazo aos seus acredores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo tanto, o Goberno debe atender as demandas do conxunto dos concellos, tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do pasado 30 de novembro, que lles permita empregar o superávit, que este ano é de aproximadamente 4.500 millóns de euros.

Polo que as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego dirixirse ao Goberno central para que, a través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2017 sen a necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2017 18:35:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 18:35:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 14/03/2017 18:35:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2017 18:35:35

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

O próximo 8 de abril terá lugar en Santiago o primeiro proceso selectivo da historia da Xunta de Galicia reservado exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual, ao que concorren 429 aspirantes.

En Xaneiro de 2015 a Fundación Down solicitara expresamente ao Vicepresidente da Xunta de Galicia a convocatoria dunhas oposicións específicas para persoas con discapacidade intelectual, e dous anos despois xa se convoca o primeiro examen.

Para levar a cabo este proceso a Consellería de Facenda mantivo unha colaboración con representantes de Down Galicia e da Federación galega de asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga), co obxectivo de facilitar a entrada deste colectivo na Xunta de Galicia. E tamén foi necesaria a colaboración da Consellería de Política Social e dos órganos equivalentes doutras comunidades autónomas na valoración dos informes sobre o tipo de discapacidade dos aspirantes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

- 1.- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia da primeira convocatoria de oposicións reservadas exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual?
- 2.- Cal foi o proceso de colaboración que levou a cabo a Xunta cos colectivos de persoas con discapacidade intelectual para organizar esta convocatoria?
- 3.- Qué accións se levarán a cabo cos aspirantes que acaden a praza para facilitar a adaptación ao seu novo entorno laboral?

Santiago de Compostela, 14 de Marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:57:07

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 18:57:25

María Ángeles García Míguez na data 14/03/2017 18:57:39

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2017 18:57:47

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 18:58:17

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 18:58:27

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 18:58:36

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/03/2017 18:58:57

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Un dos últimos informes de fiscalización remitidos polo Consello de Contas é sobre os Fondos de Compensación Interterritorial do exercicio 2014.

No dito informe atopamos, entre as recomendacións feitas polo Consello de Contas, unha serie delas que nos preocupan, posto que tanto o nivel de transparencia como o índice de execución orzamentaria semellan claramente mellorables.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Xa se implantou o subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, integrado no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos?

2ª) Cal é o motivo polo que non se xustifica a totalidade dos fondos ante a Administración do Estado ao remate do exercicio, co fin de que se utilicen máis eficientemente?

3ª) Cal ou cáles son as causas polas que o índice de execución destes fondos sexa só dun 37 %?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2017 19:06:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 19:07:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630
Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O último tramo construído da Vía Ártabra, entre a redonda de Veigue e o porto de Lorbé leva meses rematado pero sen inaugurar oficialmente e, por tanto, sen estar aberto ao público formalmente. Todo isto a pesar de ter, a Consellería prometido formalmente a súa entrada en servizo a finais de 2016.

Porén, o feito de estar restrinxido o acceso daquela maneira, e o deficiente estado da outra estrada de acceso ao porto fixo que a xente fose retirando os valados e usando a vía. Isto fano tanto vehículos particulares como camións. Co tempo as sinalizacións que impedían o paso ou advertían da prohibición foron desaparecendo así coma os plásticos que cubrían os sinais de tráfico.

Diante destes feitos consumados a Xunta de Galicia saíu ó paso recordando que o tramo non está aberto oficialmente e que, por tanto, se alguén o utiliza é baixo a súa responsabilidade; ou o que é o mesmo, no caso de accidente a responsabilidade recaerá sobre o propio condutor.

Se ben é certo que moitos veciños da zona e empresarios veranse beneficiados por esta nova conexión . Mais para outros esta nova vía córtalles pola metade un camiño polo que baixaban á praia, ó antigo porto e accedían á panadería, farmacia e parada do bus.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630
Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Falta, polo tanto, facilitar o acceso dos veciños a pé pois o novo vial destruíu e tronizou os camiños de sempre.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cales son os impedimentos e cando pensa subsanalos e poñer en servizo o último tramo da Vía Ártabra que dá acceso ó porto de Lorbé?

-Pensa facilitar o acceso dos veciños ós diferentes puntos da localidade sen teren que cruzar a Vía Ártabra.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630
Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 10:37:23

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 10:37:28

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 10:37:33

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 10:37:36

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 10:37:40

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 10:37:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

En Boiro, concello de 18.871 habitantes (2016), o Consorcio de Igualdade e Benestar dispón dun Centro de Día con 40 prazas.

Ata datas recentes, o servizo de cociña xestionábase directamente con comida feita na propia cociña pero, recentemente, as persoas usuarias e as súas familias detectaron que se despediu a unha das traballadoras e que se pasou a servir as comidas das persoas maiores mediante o servizo de cátering.

Este cambio fíxose sen informar previamente ás persoas usuarias nin ás súas familias.

As familias das persoas usuarias están descontentas co novo servizo e consideran que, habendo instalacións de cociña, a comida se debe preparar cada día, o que redundaría nunha maior calidade nutricional dos menús e en asegurar un posto de traballo de cociñeiro/a.

Polo exposto, as deputadas que subscriben formulan ao Goberno as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que se prescindiu dunha praza de cociñeira no Centro de Día e se optou polo cátering para o servizo de comidas das persoas usuarias?
- Que persoal se encarga de preparar os menús para as persoas usuarias (colocado, quentado...)?



- Ten previsto a Xunta retomar o sistema anterior de cociña, atendendo ás queixas das persoas usuarias e das súas familias?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2017 11:06:03

Eva Solla Fernández na data 15/03/2017 11:06:08

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O SUP (Sindicato Unificado de Policía) manifesta que a flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia atópase na "situación máis precaria dende a súa creación, fai xa máis de 25 anos".

Na Xefatura de Santiago de Compostela, 33 vehículos, de un total de 45, teñen máis de 10 anos de antigüidade, o 73 %. Na da Coruña, 5 vehículos de un total de 12, superan os 10 anos, o 42 %. En Lugo son 6 de 12 vehículos, os que teñen una antigüidade superior a 10 anos, o 50 %. En Ourense, teñen máis de 10 anos, 13 dos 18 vehículos, o 72 %. En Pontevedra, son 7 de 13 vehículos los que superan los 10 años, o 54 %. E por último, en Vigo, 9 dos 13 vehículos adscritos a esa unidade teñen máis de 10 anos, o 70 %.

En total, de 113 vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia, 73 teñen máis de dez anos de antigüidade, dous de cada tres.

Tanto a Dirección Xeral de Tráfico, como os expertos aseguran que, coa maior antigüidade do vehículo, aumenta notablemente o risco de un accidente grave con consecuencias irreparables para as persoas.

Esta información contrastada, non é compatible coa existencia de vehículos con 18 anos de uso e mais de 350.000 quilómetros realizados.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da obsolescencia da maior parte da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo novos plans de substitución da flota de vehículos policiais da Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
3. De existir, cales son eses plans de renovación da flota de vehículos policiais de esta Unidade Adscrita da Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia?
4. Cal é a cronoloxía e a dotación orzamentaria de estes plans de renovación?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2017 11:12:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 11:12:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 11:12:43



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Se damos como veraz a información de que toda a pataca arrincada pola prohibición de plantar nos concellos afectados pola couza guatemalteca vai ser queimada en Sogama, temos a obriga de trasladar a preocupación xerada por esta nova no concello de Cerceda e a nosa propia en canto a que poida ser un vehículo de espallamento da praga na vez dun remedio eficaz.

É por estas razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Existe algún tipo de protocolo para a destrución dos tubérculos contaminados?

-Que medidas se van tomar para evita-la posible infestación no traxecto e no propio lugar de destrución?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Está garantido que non vai haber contaxio no concello de Cerceda que agora mesmo non está afectado pero que podería estalo se non se adoptan as medidas necesarias para evitar a propagación como consecuencia do proceso de eliminación?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 11:17:43

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 11:17:49

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 11:17:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/03/2017 11:19

Nº Rexistro: 6637

Data envío: 15/03/2017 11:19:37.377

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 11:17:56

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 11:18:02

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 11:18:05

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Marian García Miguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

O conselleiro de Política Social compareceu no Parlamento o pasado 7 de marzo para explicar as liñas estratéxicas do seu departamento de cara aos vindeiros catro anos que responden ao obxectivo común do goberno de garantir o benestar dos galegos e galegas, consolidando e reforzando o impulso que nos últimos anos se lle deu ás políticas sociais.

Na súa intervención indicou como eixes fundamentais de actuación:

- O apoio ás familias, en especial ás que teñen nenos, ás de rendas medias, ás monoparentais e ás numerosas.
- A ampliación dos servizos de atención aos maiores, sobre todo aos dependentes e ás persoas con discapacidade.
- A loita contra a desigualdade, a exclusión e a pobreza.
- O fomento da participación e o voluntariado xuvenil, así como a mellora da súa empregabilidade.

Na área de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, o conselleiro indicou que nesta lexislatura, e de acordo cos obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, a prioridade será continuar coa mellora dos servizos sociais dirixidos ás familias e aos menores, así como favorecer a conciliación.

Os compromisos para os vindeiros catro anos neste campo pasan por seguir adiante co desenvolvemento do Programa de apoio á natalidade, en marcha dende finais de 2015, completando as medidas previstas no mesmo, como:

- A extensión e mellora dos beneficios da Tarxeta Benvida.
- A apertura de novos recursos de conciliación, sobre todo nos contornos rurais e empresariais.

- O despregue do Bono Concilia e o Bono Coidado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1. Cantas familias se teñen beneficiado do Plan de Axudas á Natalidade desde a súa posta en marcha?
2. Cal é a previsión da consellería de Política Social en relación á apertura de novos recursos de conciliación?

Santiago de Compostela, 15 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 15/03/2017 12:02:32

Raquel Arias Rodríguez na data 15/03/2017 12:02:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 12:03:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/03/2017 12:03:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 12:03:24

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 12:03:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 12:04:01

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 12:04:19

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Nuñez Centeno, Marian García Miguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

O presidente do Goberno galego ven de anunciar a construción de sete novas residencias públicas nas sete grandes cidades de Galicia que, cun investimento de máis de 47 millóns de euros, permitirá poñer a disposición dos galegos máis de 900 prazas para persoas maiores en situación de dependencia e a creación de 500 postos de traballo.

O obxectivo desta iniciativa é aumentar a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, facilitando que os maiores permanezan preto dos seus fogares.

A maioría das persoas residentes disporán de habitacións individuais e todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas, é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta en Comisión**:

- Cal é a demanda de prazas para persoas maiores en residencias públicas que existe na actualidade nas sete grandes cidades de Galicia e as súas áreas de influencia?
- Que outras actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para seguir mellorando e completando o mapa de equipamentos sociais?
- Cal é a previsión da Xunta de Galicia para a construción e entrada en servizo destes sete equipamentos?

Santiago de Compostela, 15 de Marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 15/03/2017 12:11:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 12:11:52

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/03/2017 12:12:01

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 12:12:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 12:12:34

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 12:12:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 12:13:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A Fundación Red Madre leva varios anos consecutivos recibindo subvencións por parte da Xunta de Galicia, grazas a aprobación, en 2009, polo Parlamento de Galicia, cos únicos votos a favor do PP, dunha ILP que, promovida por dita fundación, foi impulsada polo Foro de la Familia dende 2006, camuflando como “apoio á muller embarazada” unha lei reaccionaria e antiabortista.

Na práctica, a aprobación da ILP permitiu á Xunta concertar coa propia Red Madre labores directas de información a mulleres embarazadas, conforme ao propio artigo 3 da Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, aprobada como consecuencia da aprobación da ILP:

“3. A Xunta de Galicia poderá concertar o desenvolvemento dos labores de información, apoio e asistencia previstos nesta lei con entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan os fins de asistir, apoiar e informar as mulleres xestantes, co fin de asegurar que a dita atención se cubra nas catro provincias da Comunidade Autónoma galega, incluso a través da constitución de equipos itinerantes de apoio, información e asistencia ás mulleres xestantes.

Valorarase que as ditas entidades contén con equipos formados por profesionais con formación en calquera das áreas pedagóxicas, psicolóxicas, sociais e educativas que lles proporcionen ás mulleres xestantes atención pedagóxica,



psicolóxica, social e educativa. Estes equipos contarán coa cooperación e co apoio técnico da Administración da Comunidade Autónoma.”

Coa aprobación da ILP a Fundación buscaba unha vía de financiamento público para o seu programa reaccionario, coa excusa de dar apoio a mulleres embarazadas e a familias monomarentais.

En Galiza, dende a aprobación de dita ILP, a realidade foi que a Red Madre supliu labores que tiñan asignados os centros de asesoramento afectivo-sexual Centros Quérote, desmantelados polo goberno de Núñez Feijóo. A aprobación da lei permitiu tamén que se editara unha *Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade*, na que inclúen programas xestionados por agrupacións da propia Red Madre e asociacións católicas.

Ademais, aprobouse unha Lei de apoio á Familia e á Convivencia (2010), que, segundo o propio informe do Consello Económico e Social sobre o anteproxecto de lei, supón unha lei que recupera a “retórica da familia heterosexual e a maternidade como rol social vital das mulleres”. No seu artigo 27, dita Lei sinala como unha das políticas de protección á maternidade por parte da Xunta o seguinte: promover “campañas de sensibilización destinadas á concienciación social da importancia da maternidade e paternidade, ao fomento da natalidade e á protección do dereito á vida en formación”.

Do total de axudas percibidas pola Fundación Red Madre dende o 2011, son especialmente elevadas as do pasado ano 2016, ascendendo a máis 110.000 euros e representando máis do 28% do total das axudas a esta entidade dende 2009.

Especialmente chamativo resulta que esta asociación reciba estas axudas a traves da Secretaría Xeral da Igualdade, a través da Resolución do 8 de abril de 2016, pola que se resolven as solicitudes de subvencións a entidades de iniciativa social



sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

A organización Red Madre vai contra os dereitos das mulleres de xeito recorrente, está apoiada polo Foro Español da Familia, espazo ultraconservador e católico.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Ten a Xunta previsto derrogar a Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, para deixar de subvencionar asociacións que van contra os dereitos das mulleres?
- 2.^a) Ten a Xunta previsto derrogar a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia?
- 3.^a) Vai a Xunta retirar a *Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade*, que inclúe programas e un directorio con asociacións da Red Madre e asociacións católicas e conservadoras?
- 4.^a) Vai a Xunta reforzar e ampliar a rede de centros de orientación afectivo-sexual, de xeito que se garanta o acceso universal ao asesoramento e educación sexual en todo o territorio galego?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,
Paula Quinteiro Araújo
Marcos Cal Ogando
Deputadas e deputado do G.P de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2017 11:42:03

Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2017 11:42:18

Marcos Cal Ogando na data 15/03/2017 11:42:30

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A [Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia](#) sinala no seu artigo 11 que "como regra xeral concederáse unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación". A Xunta vén empregando este criterio dunha Risga concedida por domicilio, equiparándoo a unidade familiar, o que ten derivado nalgúns conflitos, cando nunha mesma vivenda conviven, sobre todo por razóns de aforro económico, varias perceptoras de renda de inclusión social que non pertencen á mesma unidade de convivencia. Isto está obrigando nalgúns casos a estas persoas a ter que trasladarse a outro domicilio.

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo vén de recoñecer o dereito dunha muller a recibir esta prestación mesmo compartindo domicilio con outra persoa que tamén cobre a Risga pero que non é da súa familia. O ditame destaca que o propio artigo 11 da lei define o concepto de unidade de convivencia como *"o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente"*, facendo fincapé en que a conxunción e obriga a que concorra unha "específica relación persoal" que neste caso non existía. O xuíz sinala que *"sería inverosímil que dúas persoas que perciben senllas prestacións para eludir a súa exclusión social, tivesen que excluírse mutuamente para non incorrer en esaxerada inclusión"*

No caso desta muller, a sentenza chega algo tarde, aínda que lle vén dar toda a razón na súa reclamación. A demandante viña cobrando os 400 euros da Risga dende decembro de 2010, ata que en 2015 comunicou que trasladara o seu domicilio a unha vivenda máis económica, que compartía con outras persoas que non eran da súa familia, sendo unha delas tamén perceptora da Risga. A Xunta de Galicia notificoulle nese momento que lle

 Grupo Parlamentario

daba seis meses para buscar outro domicilio, no caso de que quixese seguir recibindo esta prestación, polo que presentou unha reclamación, que foi denegada, o que a levou a iniciar a vía xudicial para defender o seu dereito. Con todo, en maio de 2016 a muller mudouse a outra vivenda, na que reside soa, para poder seguir percibindo a renda.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta a sentenza mencionada na exposición de motivos, ten previsto o Goberno galego habilitar algún tipo de mecanismo para que non se impida percibir a Risga mesmo compartindo con outra persoa que tamén a cobre e que non pertenza a unidade familiar?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto poñer en marcha ditas actuacións?
3. Durante os pasados oito anos, a cantas persoas se lles denegou ou retirou a Risga por compartir domicilio con outra persoa que tamén percibira esta prestación?
4. A vista desta sentenza, ten previsto o Goberno galego facer unha reavaliación individualizada de todos os casos de persoas ás que lles denegara ou retirara nos pasados anos a Risga por compartir domicilio con outras, que non formaran parte da mesma unidade familiar, que tamén percibiran esta prestación?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto poñer en marcha ditos mecanismos de revisión individualizada de cada caso?
6. Tendo en conta a longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de establecer prazos e medidas de choque urxentes para casos de emerxencia?
7. Cando ten previsto o Goberno galego publicar o decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2017 12:40:17

Julio Torrado Quintela na data 15/03/2017 12:40:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, José Antonio Quiroga Díaz e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Segundo declaracións reiteradas do vicepresidente da Xunta de Galicia, neste mes vaise inaugurar a sede dos novos xulgados de A Coruña na Fábrica de Tabacos.

Que vai pasar entón co edificio dos xulgados da rúa Monforte? Actualmente, todos os xulgados están mesturados e quizais deberían de se colocar de maneira máis sensata. A maiores, no edificio da Audiencia Provincial non está preparado para que reciba todos os xulgados que están no edificio “Proa”, polos que a Administración autonómica está a pagar 50.000 euros mensuais.

Mentres, ao Goberno semella que só lle preocupa a apertura da Fábrica de Tabacos, como se o resto non existise.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai inaugurar o Goberno galego efectivamente este mes a sede dos novos xulgados de A Coruña na Fábrica de Tabacos?
2. Que vai pasar co edificio dos xulgados da rúa Monforte? Como se van reestruturar?
3. Ten previsto o Goberno galego reformar o edificio que alberga a Audiencia Provincial de A Coruña? Cando? Hai algunha partida orzamentaria destinada a tal fin?

Grupo Parlamentario

4. Cando ten previsto o Goberno galego deixar valeiras as instalacións do edificio “Proa”, polos que a Administración autonómica está a pagar 50.000 euros mensuais?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
José Antonio Quiroga Díaz
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 12:44:46

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 12:44:52

José Antonio Quiroga Díaz na data 15/03/2017 12:44:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2017 12:45:03

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O día 10 de novembro de 2016, esta deputada solicitaba, en virtude do artigo 9 do regulamento do Parlamento de Galicia, copia dos custos de papel e tinta dos xulgados de Galicia durante o ano 2015 e o que ía de ano 2016, relacionando os custos de cada partido xudicial de cada provincia da Comunidade Autónoma.

Cando se producía a comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia, tivo noticia de que o Goberno galego xa tramitara a información ao Parlamento de Galicia, mais nada se sabe dende entón. Estamos no mes de marzo e non hai noticia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cales foron os custos de papel e tinta dos Xulgados de Galicia durante o ano 2015, 2016 e o que vai de ano 2017, relacionando os custos de cada partido xudicial de cada provincia da Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 12:48:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 12:48:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2017 12:48:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

Desgraciadamente, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de xustiza para o exercicio 2017 é raquítrico, ademais de investir escasamente en infraestruturas xudiciais e non comprometer nin un euro das cantidades recadadas en Galicia polas taxas impostas polo Goberno de Mariano Rajoy.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que é suficiente a cantidade presupostada no 2017 para a Administración de xustiza na nosa Comunidade Autónoma?
2. Que cantidade foi recadada en Galicia dende que entraron en vigor as novas taxas xudiciais para as persoas físicas ata a súa derogación?
3. Que cantidade foi asignada polo Goberno do Estado pola recadación das taxas xudiciais na nosa Comunidade Autónoma?
4. Considera o Goberno galego que esa cantidade é suficiente? Se a resposta fose negativa, vai esixir máis?
5. Xa ten recibido Galicia esta cantidade?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2017 12:50:19

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/03/2017 12:50:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/03/2017 12:50:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6705
Data envío: 15/03/2017 13:31:27.202

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a lista de espera a falta de dotación no centro de saúde de Culleredo.

Desde principios do mes de decembro do pasado ano 2016, usuari@s do Centro de Saúde de Acea da Ma en Culleredo, veñen recibindo chamadas por parte d@s empregad@s de dito centro para reprogramar citas médicas que levaban marcadas xa con semanas de antelación. A razón destas reprogramacións, segundo este mesmo persoal do centro, é a falla de profesionais para cubrir ausencias d@s médicos de cabeceira.

Nalgúns casos, @s usuari@s chegaron ao Centro de Saúde e atopáronse que ningún/ha médic@ os puido atender.

A esta situación contribúe tamén o retraso continuado na apertura do novo Centro de Saúde do Portádeg, rematado, máis sen actividade. Recordar que inicialmente se prantexaba a súa apertura no verán de 2015, e que tras da visita de inauguración, a bombo e pratillo o 1 de agosto, o centro segue pechado.

Desde o BNG seguimos con preocupación a falta de dotación adicional coa que vai contar esta nova instalación, porque entendemos que son necesari@s máis profesionais, que non abonda cunha nova distribución do persoal existente xa no centro de saúde de Acea da Ma, dada a súa insuficiencia e o posible aumento das ratios que atenderá o novo centro pola súa proximidade a núcleos poboacionais do Concello da Coruña, para os que este será o centro máis próximo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6705
Data envío: 15/03/2017 13:31:27.202

Polas razón expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cal é a razón para que se teñan que reprogramar citas de medicina xeral no Centro de Saúde de Acea da Ma, nalgúns casos concertadas con moita antelación?

-Cando empezará a funcionar o novo Centro de Saúde do Portádego?

-Con que dotación contará este novo centro?

-Como aumentará a capacidade de servizo e repercutirá na mellora asistencial a entrada en servizo do novo Centro de Saúde da Avenida do Portádego en Culleredo?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:31
Nº Rexistro: 6705
Data envío: 15/03/2017 13:31:27.202

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 13:29:56

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 13:30:00

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 13:30:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 13:30:07

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 13:30:11

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 13:30:13

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Martín Fernández Prado e Antonio Mouriño Villar, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario do Partido Popular**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Entre as liñas estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atópase a elaboración da Estratexia da Cultura 2021.

Sabemos que dende a Xunta se está a traballar por unha Galicia cuxa cultura sexa xeradora de emprego e que respecte o noso patrimonio cultural e lingüístico.

Sabemos que o obxectivo principal desa estratexia é o de fortalecer a industria cultural partindo de dúas premisas, por unha banda garantir a máxima difusión da actividade cultural de base por todo o territorio e, por outra, asentar un tecido social e empresarial nese ámbito.

Dende o Grupo Parlamentario Popular interesaríanos coñecer máis a fondo os obxectivos dese Plan, desa estratexia 2021, data importante, xa que coincide coa celebración do Ano Santo. Por estes motivos, os deputados asinantes, plantexamos a seguinte pregunta en Comisión:

Cómo se vai elaborar esa Estratexia da Cultura de Galicia 2021 que garanta a preservación e difusión da nosa cultura?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/03/2017 13:44:20

César Manuel Fernández Gil na data 15/03/2017 13:44:32

Maria Antón Vilasánchez na data 15/03/2017 13:44:34

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/03/2017 13:44:41

Carlos Gómez Salgado na data 15/03/2017 13:45:09

Carlos Enrique López Crespo na data 15/03/2017 13:45:18

Martín Fernández Prado na data 15/03/2017 13:45:27

Antonio Mouriño Villar na data 15/03/2017 13:45:42

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O fomento da produción de castañas en terreos forestais conforma unha das liñas de actuación fixadas como prioritarias polo Goberno galego para a presente lexislatura.

Esta aposta polo castaño e a castaña está sustentada e avalada polo recoñecemento do valor que, dende o punto de vista cultural, económico, social e ecolóxico, ten na nosa Comunidade Autónoma tanto esta árbore como o seu froito.

Deste xeito, en aras de acadar unha xestión sustentable dos nosos montes, poñendo especial incidencia nas masa de frondosas caducifolias en xeral e de xeito particular dos castaños, son varias as liñas de axuda e promoción que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en valor e mesmo incrementar este cultivo.

Xunto a elo, o Goberno galego anunciou ao inicio desta lexislatura a súa intención de impulsar a creación da mesa da castaña como ferramenta idónea para coordinar e manter aberta a colaboración entre o propio sector e o poder executivo co fin precisamente de impulsar un desenvolvemento sustentable do aproveitamento do monte.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que fase se atopa a posta en marcha da Mesa da Castaña?
2. Cales son as previsións que manexa o Goberno sobre os beneficios que se poden derivar da posta en funcionamento da Mesa da Castaña, dende o punto de visto económico pero tamén como elemento dinamizador no incremento da superficie dedicada á produción de castaña?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:50
Nº Rexistro: 6709
Data envío: 15/03/2017 13:50:28.281

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 15/03/2017 13:47:58

José González Vázquez na data 15/03/2017 13:48:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 15/03/2017 13:48:20

Moisés Blanco Paradelo na data 15/03/2017 13:48:26

Carlos Gómez Salgado na data 15/03/2017 13:48:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 13:48:45

Daniel Vega Pérez na data 15/03/2017 13:48:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os esteroides anabolizantes androxénicos son sustancias farmacolóxicas susceptibles de uso indebido sen fins terapéuticos para aumentar o rendimento físico ou a masa muscular; as persoas que abusan destes medicamentos presentan un amplo abano de efectos adversos. Estes medicamentos parecen mostrar ademais síndrome de dependencia.

Segundo a bibliografía científica clínica e epidemiolóxica publicada, este abuso non está restrinxido ao deporte de elite, se non que é cada vez máis prevalente na sociedade en xeral, especialmente nas persoas que practican deporte recreacional, advertíndose dun problema de saúde pública e apelando a desenvolver estratexias de prevención nos sistemas públicos de saúde.

Pódese afirmar e xeneralizar que a lo menos o 3% dos homes xoves dos países occidentais consumiron algunha vez esteroides anabolizantes androxénicos con fins de dopaxe nas súas vidas, e que o risco no seu consumo é un 91% maior en persoas que realizan deporte como usuarios de ximnasios.

Un estudo epidemiolóxico que data do ano 2014 dunha universidade noruega, que examina a prevalencia de por vida do abuso destes medicamentos como axentes dopantes na poboación xeral, arroxa o valor medio dun 3,3%, sendo Europa a terceira rexión con maior prevalencia (3,8%) seguida de América del Norte (3.0%).

Por todo elo, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Contemplou a Consellería de Sanidade dentro das estratexias para un bo uso e uso responsable de medicamentos medidas de actuación para evitar o abuso de esteroides anabolizantes androxénicos por parte da poboación galega?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 18:22:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 18:23:09

María Ángeles García Míguez na data 15/03/2017 18:23:44

Marta Rodríguez Arias na data 15/03/2017 18:23:56

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 18:24:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 18:24:15

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 18:24:23

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Servizo Galego de Saúde ven de poñer en marcha a plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios *E-Saúde*, xestionada por este organismo autónomo e dirixida a pacientes e cidadáns, coa que se pretenden prover, de xeito ergonómico e accesible dende calquera dispositivo conectado a Internet, unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde en función do perfil do usuario e o seu estilo de vida. Esta plataforma constitúe ademais un punto de encontro virtual entre a cidadanía, os profesionais e o Sistema Público de Saúde de Galicia, que proporciona a todos estes unha serie de ferramentas dixitais que axudan a xestionar a información en saúde dos usuarios e pacientes.

Cos principios de participación, implicación e autonomía, emerxe un novo paciente que demanda un enfoque diferente dos servizos que recibe do sistema sanitario público, que quere dispor de forma accesible de determinados servizos e contidos personalizados en función do seu perfil e necesidades.

Tanto asociacións de pacientes, como pais e nais, así como titores legais e coidadores de persoas maiores, demandan a necesidade de poder acceder a esta

información médica e farmacéutica para os seus fillos, fillas ou persoa a cargo de seu coidado.

Por tal motivo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Contemplan a Consellería de Sanidade e o Sergas introducir na Plataforma E-Saúde unha nova funcionalidade para poder acceder á información de fillos, fillas e persoas ao cargo?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 18:27:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 18:28:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/03/2017 18:28:21

Marta Rodriguez Arias na data 15/03/2017 18:28:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 18:28:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 18:28:48

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 18:28:56

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia.

E neste senso, a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei orgánica de 2004, que o Goberno da Xunta de Galicia ten discriminado orzamentariamente ano tras ano.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ha de ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a lei de 2004. Non obstante, e pese ao incremento dun 5,9 % de denuncias no primeiro semestre de 2016 e o número de asasinatos dende comezos de 2017, o persoal do Imelga en Galicia é moi escaso, pois sería necesario un psicólogo permanente para asistir ás vítimas en cada un dos xulgados. Ao que hai que engadir que o aumento de persoal e no orzamento para 2017 é absolutamente ridículo (30.000 euros máis no orzamento, 4 novos médicos/médicas forenses e 7 novos/as psicólogos/as e traballadores/as sociais para toda Galicia).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É prioritario para o Goberno galego garantir a protección das vítimas de violencia contra a muller e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais?
2. Entende o Goberno galego que o persoal en xeral e o pertencente aos equipos psicosociais do Imelga deberían ser máis numerosos?
3. Considera necesario o Goberno galego un psicólogo/a permanente para asistir ás vítimas en cada un dos xulgados?
4. É suficiente para o Goberno galego o aumento de persoal e no orzamento para 2017?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/03/2017 11:16:47

María Luisa Pierres López na data 16/03/2017 11:16:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/03/2017 11:16:58



 [Grupo Parlamentario](#)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2017 11:17:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

O ano 2017 vai ser crucial para o futuro da Unión Europea. Ao longo da súa historia o proxecto de construción europeo nunca se enfrontou a tantos desafíos xuntos coma a saída do Reino Unido (Brexit), un novo enfoque das relacións cos EEUU e con Rusia, a crise dos refuxiados e da seguridade, o auxe dos populismos, etc.

Nun ano no que ademais celebramos o 60º aniversario dos Tratados de Roma, que deron orixe a actual Unión Europea, debemos pararnos a reflexionar sobre que modelo de Europa queremos ter nos vindeiros anos e, para iso, debemos identificar primeiro cales son os principais retos dos Estados membros e das súas rexións, dando unha resposta efectiva os problemas cotiás da cidadanía.

Con este propósito de fomentar o debate entre os Estados membros, a Comisión Europea vén de publicar un Libro branco sobre o futuro de Europa que recolle os principais desafíos e oportunidades da Europa dos 27 no próximo decenio a través de cinco escenarios diferentes. España, xunto con Francia, Italia e Alemaña están dispostas a ir mais aló na integración con todos aqueles que queiran seguir coa integración.

Unha rexión tan profundamente europeísta como Galicia e que tanto se ten beneficiado do proxecto de construción europea non pode manterse a marxe de todo o que está a acontecer e debe reforzar a súa voz en Europa.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

Por tanto, que pensa facer o Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio?

Santiago de Compostela, 16 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 12:53
Nº Rexistro: 6740**
Data envío: 16/03/2017 12:53:52.263

Alberto Pazos Couñago na data 16/03/2017 12:48:05

Paula Prado Del Río na data 16/03/2017 12:48:24

María Ángeles García Míguez na data 16/03/2017 12:48:45

César Manuel Fernández Gil na data 16/03/2017 12:48:54

María Isabel Novo Fariña na data 16/03/2017 12:49:31

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/03/2017 12:52:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/03/2017 12:52:27

Jacobo Moreira Ferro na data 16/03/2017 12:52:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6750
Data envío: 16/03/2017 17:46:27.970

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás deficiencias na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre.

O transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, sacou a concurso en novembro de 2014, e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutir nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

A pouco máis dun ano da adxudicación deste concurso público os temores estanse a verificar en feitos, á investigación por parte do Xulgado de Instrución número 2 de Santiago de Compostela, por si podo haber prevaricación, información privilexiada e tráfico de influencias na adxudicación do concurso, temos que engadir que @s traballadores/as das empresas adxudicatarias están a denunciar o incumprimento do convenio, as malas condicións de moitas das bases ou o empeoramento da calidade



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6750
Data envío: 16/03/2017 17:46:27.970

asistencial, co uso de ambulancias concertadas como de apoio, ou as deficiencias na central de chamadas do 061.

Ás demandas laborais hai que engadir as denuncias do uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias. Vehículos de apoio, nos que só vai un/unha condutor/a, que deben estar para traslados non vitais, é decer non poden socorrer a emerxencias, están sendo enviadas a cubrir urxencias, non de xeito excepcional, senón que se está a converter en algo habitual. Existencia dun número de vehículos inferior aos contemplado no prego, ausencia de rotulación como prestadores de servizo para a administración pública, incumprimento da exclusividade na prestación do servizo...

Utilizar ambulancias de apoio de forma continuada como propias do servizo de urxencias, constitúe risco, en primeiro lugar para @s usuari@s, porque se lle presta unha atención deficiente e para o persoal unha situación de tensión, presión e vulnerabilidade, ao ter que enfrontarse a situacións que non poden resolver.

Denuncian tamén @s traballadores/as unha situación totalmente precarizada na central de chamadas do 061, con unha carga de traballo insoportábel, quendas de traballo moi longas, comunicación das ambulancias coa central a través da mesma liña telefónica que d@s doentes... Todas estas situacións non se producen dun xeito puntual, senón que se teñen convertido nun problema estrutural, de xeito que na vez de ser o servizo un dinamizador do sistema, convértese nun pescozo de botella.

Estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial. Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación é a propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6750
Data envío: 16/03/2017 17:46:27.970

Polas razóns expostas, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo tanto de transporte sanitario urxente terrestre do 061, como do concertado e da central de chamadas?

-É coñecedora a Xunta do uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias?

-Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas?

-Cal é o resultado do informe sobre a avaliación da calidade do servizo realizado ás empresas adxudicatarias contemplado no prego de condicións?

-Vai facer algunha actuación para solucionar esta situación?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6750
Data envío: 16/03/2017 17:46:27.970

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2017 17:38:19

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2017 17:38:29

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2017 17:38:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/03/2017 17:38:37

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2017 17:38:40

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2017 17:38:45

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente de Control da CRTVG.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia apoiou unha iniciativa que xa fora proposta en anteriores ocasións polo PSdeG-PSOE: a reapertura das delegacións da RTVG que foron pechadas sorprendentemente polo Goberno de Núñez Feijoo.

O peche das delegacións supuxo unha notable mingua do servizo público que ten a obriga de prestar a RTVG no territorio, provocou a contestación político-social das cidades afectadas e orixinou denuncias dos representantes dos traballadores da corporación polo despedimento e as formas.

Tendo en conta que, en diferentes ocasións, o director xeral da RTVG fixo referencia á boa situación económica da corporación, o PSdeG-PSOE non atopa razóns xustificables para que se evite a reapertura das delegacións.

Polos motivos expostos, solicitamos a reapertura das delegacións da RTVG que foron eliminadas, e precisamos coñecer en que situación se atopa a reapertura da delegación ou correspondencia -como a RTVG considere oportuno denominar- en Porto, por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a CRTVG a reapertura das delegacións que foron pechadas?

2ª) Estase a aproveitar a boa relación da que o director xeral ten falado coa Radio e Televisión de Portugal?

3ª) Está funcionando xa o novo servizo de Porto e en que condicións?

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/03/2017 16:28:03

Noela Blanco Rodríguez na data 07/03/2017 16:28:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da Corporación da RTVG.**

O Comité de empresa da CRTVG denunciou a edición dunha información relativa produción de ostras na Galiza por parte da dirección da Corporación que supuxo a supresión dunha parte da nova no Galicia Noticias Serán.

A nova, segundo relata o Comité de empresa, ficou sen referencia algunha ás críticas lanzadas por expertos á Xunta de Galiza cando aseguraban que “non lle interesa aumentar a produción destas especies [ostras autóctonas] e lembra que nas depuradoras galegas predomina o marisco foráneo”.

Na información orixinal, emitida no Galicia Noticias Mediodía do 6 de marzo Arturo Silva Abuín, cooperador do grupo de investigación Acuibiomol, aseguraba que a administración está desaparecida, está missing porque, sinalaba, non lle interesou en absoluto manter a produción de ostra e de molusco en criadeiro. Están pechando todos os criadeiros.

Na emisión do Galicia Noticias Serán suprimiuse a declaración de Silva Abuín e tamén a parte da locución do redactor na que se facía referencia ás críticas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da Corporación da RTVG:

- Ten constancia a Dirección Xeral deste feito?
- A que criterios informativos responde a edición da peza informativa?
- Naquelas informacións que son editadas por razóns de tempo e espazo nos informativos, ten a persoa xornalista capacidade de decisión para proceder á edición das súas novas?
- Pensa a Dirección Xeral da CRTVG constituír o Consello de Informativos previsto na Lei 9/2011 como reclama o Comité de empresa ao fío deste último acontecemento?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 18:13:28

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 18:13:33

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 18:13:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 18:13:42

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 18:13:48

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 18:13:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**, relativa ás delegacións da CRTVG.

A VOLTAS COAS DELEGACIÓNS DA CRTVG

O 6 de febreiro de 2016, o alcalde de Ferrol, Jorge Suárez, solicitou que volvan abrir as delegacións de CRTVG, clausuradas o 30 de novembro do 2010 no marco da reorganización dos Informativos da canle e que tamén afectou as delegacións de Pontevedra, Burela, Porto e Bruxelas. En Ferrolterra hai máis de 200.000 persoas.

O actual pleno da corporación municipal pontevedresa, como xa fixera o anterior, aprobou en maio de 2016 por unanimidade unha moción para instar á Xunta a reabrir na cidade a delegación da CRTVG, suxerindo que se aproveite a rehabilitación do antigo edificio público de Benito Corbal para aloxar as instalacións do medio de comunicación.

Estas solicitudes evidencian unha necesidade social que a CRTVG desatende pola incapacidade de compromiso de servizo público do seu actual equipo directivo, que só xustifica a súa xestión desde un punto de vista económico e mercantilista.

Das delegacións privatizadas á escasa descentralización da CRTVG

O 30 de novembro do 2010 a dirección de TVG pechou cinco delegacións territoriais, (Pontevedra, Ferrol, Burela, Porto e Bruxelas) o que obrigou á reorganización do traballo e da cobertura informativa e supuxo a ruptura coas produtoras coas que se contrataba a información xerada fóra de Santiago, na súa maioría vencelladas a xornais locais. A partir do 1 de decembro dese ano, a televisión autonómica galega pasa a xestionar directamente os medios técnicos e persoais de catro das cinco delegacións que permaneceron abertas (A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid). Dos máis de 130 traballadores afectados polo peche das delegacións arredor de 25 perderon o emprego.

A decisión de asumir as delegacións rematou coa externalización do servizo descentralizado dos informativos, implantado desde as orixes da canle autonómica e que motivou ducias de sentenzas xudiciais que declaraban ao persoal indefinido na CRTVG por cesión ilegal. Dese xeito, a CRTVG tiña a obriga de asumir os custos laborais do persoal das delegacións e só pagaba unhas cantidades inxustificadas ás produtoras polos medios técnicos que se empregaban.

Entón, desde a súa inauguración, a TVG xestionou só os servizos informativos centralizados en Santiago, mentres que para as delegacións recorreu a empresas privadas de produción, que aportaron medios técnicos e persoais. Porén, a modificación que aplica a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, aprobada polo Congreso dos Deputados no ano 2010 e que establecía que as televisións non poden ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos puido influír na decisión de asumir eses centros de traballo descentralizados, aínda que o que realmente precipitou a medida foron as constantes sentenzas condenatorias por cesión ilegal de traballadores e traballadoras ás que a



compañía que dirixía e dirixe Alfonso Sánchez Izquierdo estaba a facer fronte desde había anos.

Daquela, un total de 5 traballadores das delegacións tiñan sentenzas firmes que os consideraba persoal de CRTVG, polo que quedaron integrados definitivamente no cadro da TV autonómica. Outros 37 con sentenzas favorables en primeira instancia correron a mesma sorte, alomenos segundo as previsións de TVG, mentres que a peor parte da remodelación levárona os traballadores que non presentaron recurso ou os 15 que estaban pendentes de xuízo ou de sentenza, que podían ficar sen traballo.

Agás a delegación de Bruxelas, contratada coa produtora Alice, o resto das dez con que contaba a TVG estaban cubertas por empresas galegas. Catro delas, vinculadas aos xornais La voz de Galicia, La Región e El Progreso, para as delegacións de A Coruña, Madrid, Ourense e Lugo. A externalización das delegacións supuña un gasto anual de 11 millóns de €.

As necesidades obrigan a recuar

A CRTVG viuse obrigada pola xustiza e a lexislación a xestionar directamente todos os seus centros de traballo. Coincidindo co peche das delegacións mencionadas, a dirección da compañía anunciou tamén que a delegación de Madrid, que daquela xestionaba a produtora do diario La Región, pasaría a cubrirse polo ente público, aínda que fontes sindicais aseguraron que o servizo o prestaría a privada Quezán.

Pero igual que ocorreu coas delegacións en territorio galego, peche da corresponsalía de Bruxelas deixou sen cobertura informativa de primeira man sobre os asuntos de interese para Galicia que se producían nas institucións comunitarias. Durante anos a CRTVG viuse obrigada a desprazar constantemente persoal desde Compostela ata a capital belga para a cobertura de feitos noticiosos



moi relevantes ou para informar de visitas de delegacións galegas que, basicamente, estaban conformadas por conselleiros e conselleiras ou encabezadas polo presidente da Xunta. Porén, quedaron moitas informacións sen unha correcta cobertura pola inexistencia da histórica corresponsalía no centro de decisións da Comunidade Europea.

Seguindo con esta política de recuar forzada polas necesidades, o medio público tamén vén de anunciar un convenio de dous anos coa RTP, a televisión pública portuguesa, para intercambiar e desenvolver conxuntamente producións audiovisuais. Como consecuencia dese convenio, un redactor dos servizos informativos da Televisión de Galicia comezou a traballar en Porto, coa asistencia da RTP, en para darlle cobertura á televisión e radio públicas de Galicia. Trátase dunha medida que parece recuperar a delegación de Porto pechada hai varios anos xunto cos outros centros de traballo.

Ausencia negociadora

O comité Intercentros criticou duramente a falla de diálogo da empresa cos traballadores no peche das delegacións o 30N e, sobre todo, as desafortunadas formas para aplicala, coa contratación de gardas xurados para impedir o acceso ao seu posto aos traballadores afectados, segundo fontes sindicais. O comité anunciou daquela que defendería os dereitos dos despedidos e denunciaría as carencias sobre o servizo público esencial que a medida producise.

A CRTVG non negociou nunca coa representación sindical a estrutura das delegacións, que só teñen unhas poucas prazas nesas destinos aprobadas polo Consello de Administración, xa que o resto se corresponde con persoal indefinido como consecuencia da cesión ilegal ditaminada pola xustiza e o resto dos e das profesionais con praza fixa no centro de Traballo de San Marcos están desprazados/as nesas delegacións a través dunha mobilidade xeográfica



voluntaria temporal baixo a figura de adscrición provisional amparada no marco do anterior convenio colectivo, que remitía ao artigo correspondente do Estatuto dos Traballadores/as na materia, xa que o actual convenio en vigor obriga á existencia de prazas vacantes no destino para a cobertura de calquera adscrición provisional. Igualmente, debido á ausencia negociadora, o texto do actual convenio colectivo adía no seu articulado a unha negociación posterior para a celebración dun lexítimo concurso de traslados que poña en orde a situación. A demora da CRTVG en negociar tanto a estrutura das delegacións como o novo modelo de clasificación profesional, ao que está obrigada tanto por convenio colectivo como polo estatuto, impide a correcta xestión dos recursos propios e humanos para unha máis eficiente prestación da súa encomenda de servizo público esencial.

Por todo o exposto as deputadas asinantes facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión :

Ten pensado reabrir máis delegacións?

Por que non negocia coa representación sindical a estrutura das delegacións e o novo modelo de clasificación profesional?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2017 10:35:33

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2017 10:35:41

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Jacobo Moreira Ferro, María Antón Vilasánchez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Rodríguez Pérez, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O director da CRTVG na súa primeira comparecencia durante a presente lexislatura fixo referencia a que os medios públicos están obrigados a facer fronte á innovación e, en alusión directa á TVG, indicaba que estaba a traballar na idea de adaptarse a un consumo audiovisual a través de fórmulas alternativas.

A ninguén se lle escapa que a innovación non só se está a dar nos medios de comunicación que ofrecen contidos senón nos hábitos do público, que está a escoller entre diversas maneiras novas de ser informados ou entreterse.

Un xestor dun medio de comunicación que non se decate deste cambio corre o risco de quedar fóra do mercado, pero se ese medio é público, como é o caso da CRTVG, pode quedar cada vez máis desconectado e perder a esencia da súa utilidade para a sociedade.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

Como e con que produtos ou servizos novos a CRTVG está a adaptarse aos cambios na maneira que a audiencia ten de relacionarse cos medios?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Raquel Arias Rodríguez na data 14/03/2017 18:03:24

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:03:41

Maria Antón Vilasánchez na data 14/03/2017 18:04:02

Silvestre Balseiros Guinarte na data 14/03/2017 18:04:10

Moisés Rodríguez Pérez na data 14/03/2017 18:04:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 14/03/2017 18:04:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 18:05:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**, relativa á manipulación da información.

O 13 de marzo de 2017, fíxose pública a denuncia do comité de empresa da CRTV dun grave caso de manipulación informativa por un traballador da CRTVG para que non saísen críticas á Xunta.

O pasado 6 de marzo no programa ‘*Galicia Serán*’ da Televisión de Galicia emitiron unha noticia “premeditadamente recortada” para eliminar partes que se emitiran na edición do mediodía, feito polo cal o redactor desa peza lle pide amparo ao Comité de Empresa.

“Un redactor de longa traxectoria e recoñecido prestixio elaborou unha peza informativa sobre o cultivo de ostras en Galicia baseado en entrevistas feitas na Universidade de Santiago a un equipo de investigación en acuicultura. Unhas entrevistas que non buscou el senón que, neste caso, llas asignaron a primeira hora da mañá sen tempo para documentarse sobre o tema do que versaban ditas entrevistas. Despois elaborou esta información para o programa Galicia Noticias Mediodía”.

Na edición da tarde, *Galicia Noticias Serán*, esa nova ficou “mutilada”, denuncia o comité, “como o mesmo traballador afirma, aínda que mantiveron a súa “voz en off”. Con esa manobra, sosteñen, quíxose evitar que os espectadores “puideran escoitar a declaración dun técnico que criticaba a actitude do goberno



autonómico na cría e cultivo de moluscos en Galicia”. O técnico afirmaba que a Xunta está desaparecida na atención a explicaba o por qué en 22 segundos de intervención.

Aliás, e sempre segundo a denuncia do comité, tamén suprimiron o parágrafo final da noticia, que dicía: "Este especialista en cultivo de moluscos afirma que á Xunta non lle interesa aumentar a produción destas especies e lembra que nas depuradoras galegas predomina o marisco foráneo".

Este tipo de situacións “danse todos os días na redacción”. Dende o Comité de San Marcos esixen que cesen “as prácticas de manipulación e a posta en marcha inmediata do Consello de Informativos comprometido na Lei de Medios”.

É deontoloxicamente intolerable a práctica de modificar o traballo dun redactor ou redactora mantendo a súa propia locución, cando iso altere substancialmente o contido da información, como ocorreu neste caso.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Pode explicarnos cales foron os criterios para a reedición da información orixinal que elaborou o redactor Luís Quintas e se houbo directrices do seu departamento ao respecto?

Cales son os criterios para a reedición de informativos da CRTVG que se están empregando nos distintos departamentos?

Que mecanismos van poñer en marcha para acabar coa práctica deontoloxicamente intolerable de modificar o traballo un redactor ou redactora mantendo a súa propia locución, cando iso altere substancialmente o contido da información como ocorreu neste caso?



Cando se van asinar as información con rótulos para poder coñecer a súa autoría, así como que se identifique ás persoas encargadas da dirección e da edición dos espazos informativos da CRTVG?

Cando se porá en marcha o Consello de Informativos demandado dende hai tempo pola sociedade, como reflexo das peticións das traballadoras e traballadores das redaccións da CRTVG, para acadar uns medios públicos plurais, independentes e veraces?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/03/2017 09:49:58

Paula Vázquez Verao na data 15/03/2017 09:50:07

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

O Comité de Empresa de CRTVG denunciou recentemente que o pasado 6 de marzo no programa ‘Galicia Serán’ da Televisión de Galicia emitiron unha noticia “premeditadamente recortada” para eliminar partes que se emitiran na edición do mediodía, feito polo cal o redactor desa peza lle pide amparo. A peza informativa elaborada por un redactor de longa traxectoria e recoñecido prestixio, trataba sobre o cultivo de ostras en Galicia baseado en entrevistas feitas na Universidade de Santiago de Compostela a un equipo de investigación en acuicultura.

Na edición da tarde, Galicia Noticias Serán,”esa nova ficou mutilada” denuncia o comité, “como o mesmo traballador afirma, aínda que mantiveron a súa “voz en off”. Con esa manobra, sosteñen, quíxose evitar que os espectadores “puideran escoitar a declaración dun técnico que criticaba a actitude do goberno autonómico na cría e cultivo de moluscos en Galicia”.

Segundo a denuncia do comité, tamén suprimiron o parágrafo final da noticia, que dicía: "Este especialista en cultivo de moluscos afirma que á Xunta de Galicia non lle interesa aumentar a produción destas especies e lembra que nas depuradoras galegas predomina o marisco foráneo".

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG sobre a denuncia presentada polo Comité de Empresa acerca do retallo efectuado na nova descrita na exposición de motivos?
2. Por que se realizou dito retallo da peza informativa?
3. Por que non considerou a CRTVG interesante a opinión dun experto en acuicultura a respecto das políticas do Goberno galego en materia de acuicultura?
4. Ten previsto a CRTVG emitir de novo a peza informativa completa?
5. Que medidas ten previsto poñer en marcha para o mantemento do pluralismo ideolóxico e social na compañía de radiotelevisión pública galega?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2017 12:32:06

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 15/03/2017 12:32:12

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727